<p>⑩ B4.1. Ler fragmentos ou obras da literatura española e universal de todos os tempos e da literatura xuvenil, próximas aos propios gustos e ás afeccións, amosando interese pola lectura.</p>		<p>⑩ LCLB4.1.1. Le e comprende cun grao crecente de interese e autonomía obras literarias próximas aos seus gustos, ás súas afeccións e aos seus intereses. G.M.C:100%</p>	<p>⑩ CCL</p>
<p>⑩ B4.3. Fomentar o gusto e o hábito pola lectura en todas as súas vertentes: como fonte de acceso ao coñecemento e como instrumento de lecer e diversión que permite explorar mundos diferentes aos nosos, reais ou imaxinarios.</p>		<p>⑩ LCLB4.3.1. Fala na clase dos libros e comparte as súas impresións cos/coas compañeiros/as. G.M.C:100%</p>	<p>⑩ CCL ⑩ CSC</p>
		<p>⑩ LCLB4.3.2. Le en voz alta modulando, adecuando a voz, apoiándose en elementos da comunicación non verbal e potenciando a expresividade verbal. G.M.C:75%</p>	<p>⑩ CCL</p>
<p>⑩ B4.4. Redactar textos persoais de intención literaria seguindo as convencións do xénero, con intención lúdica e creativa.</p>		<p>⑩ LCLB4.4.1. Redacta textos persoais de intención literaria a partir de modelos dados seguindo as convencións do xénero, con intención lúdica e creativa. G.M.C:75%</p>	<p>⑩ CCL ⑩ CCEC</p>

⑩ LCLB4.4.2. Desenvolve o gusto pola escritura como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os seus propios sentimentos. **G.M.C:100%**

⑩ CAA

	<p>⑩ B1.4. Comprender o sentido global de textos orais.</p>	<p>⑩ LCLB1.2.2. Retén información relevante e extrae informacións concretas. G.M.C:100%</p>	<p>⑩ CCL</p>
		<p>⑩ LCLB1.4.1. Recoñece o proceso de produción de discursos orais valorando a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia do discurso e a cohesión dos contidos. G.M.C:100%</p>	<p>⑩ CSIE</p>
		<p>⑩ LCLB1.4.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos, da linguaxe non verbal e da xestión de tempos, e o emprego de axudas audiovisuais en calquera tipo de discurso. G.M.C:75%</p>	<p>⑩ CD</p>
		<p>⑩ LCLB1.4.3. Recoñece os erros da produción oral propia e allea a partir da práctica habitual da avaliación e autoavaliación, e propón solucións para melloralas. G.M.C:50%</p>	<p>⑩ CAA</p>
	<p>⑩ B2.2. Ler, comprender, interpretar e valorar textos en diferentes formatos e soportes.</p>	<p>⑩ LCLB2.2.1. Localiza, relaciona e secuencia informacións explícitas e implícitas nun texto, e deduce informacións ou valoracións implícitas. G.M.C:100%</p>	<p>⑩ CCL</p>
	<p>⑩ B2.5. Escribir textos en diferentes soportes e formatos, en relación co ámbito de uso.</p>	<p>⑩ LCLB2.5.1. Escribe textos propios do ámbito persoal e familiar, escolar ou educativo e social, imitando textos modelo. G.M.C:100%</p>	<p>⑩ CCL</p>
		<p>⑩ LCLB2.5.2. Escribe textos narrativos, descritivos e instrutivos, expositivos, argumentativos e dialogados, imitando textos modelo. G.M.C:100%</p>	<p>⑩ CCEC</p>
	<p>⑩ B3.1. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as súas normas de uso para resolver problemas de comprensión de textos orais e escritos, e para a composición e a revisión progresivamente autónoma dos textos propios e alleos.</p>	<p>⑩ B3.1.1 Recoñece e aplica o uso das categorías gramaticais nos textos e utiliza este coñecemento para corrixir erros de concordancia en textos propios e alleos. G.M.C:50%</p>	<p>⑩ CCL</p>
	<p>⑩ B3.6. Identificar a intención comunicativa da persoa que fala ou escribe.</p>	<p>⑩ LCLB3.6.1. Explica a diferenza significativa que implica o uso dos tempos e modos verbais. G.M.C:50%</p>	<p>⑩ CCL</p>
	<p>⑩ B4.1. Ler fragmentos ou obras da literatura española e universal de todos os tempos e da literatura xuvenil, próximas aos propios gustos e ás afeccións, amosando interese pola lectura.</p>	<p>⑩ LCLB4.1.1. Le e comprende cun grao crecente de interese e autonomía obras literarias próximas aos seus gustos, ás súas afeccións e aos seus intereses. G.M.C:100%</p>	<p>⑩ CCL</p>

	<p>⑩ B4.2. Promover a reflexión sobre a conexión entre a literatura e o resto das artes (música, pintura, cine, etc.), como expresión do sentimento humano, analizando e interrelacionando obras literarias, musicais, arquitectónicas, etc. personaxes e temas de todas as épocas.</p>	<p>⑩ LCLB4.2.1. Desenvolve progresivamente a capacidade de reflexión observando, analizando e explicando a relación entre diversas manifestacións artísticas de todas as épocas (música, pintura, cine, etc.). G.M.C:50%</p>	<p>⑩ CCEC</p>
		<p>⑩ LCLB4.2.2. Recoñece e comenta o mantemento ou a evolución de personaxes-tipo, temas e formas ao longo de diversos períodos histórico-literarios ata a actualidade. G.M.C:50%</p>	<p>⑩ CAA</p>
	<p>⑩ B4.3. Fomentar o gusto e o hábito pola lectura en todas as súas vertentes: como fonte de acceso ao coñecemento e como instrumento de lecer e diversión que permite explorar mundos diferentes aos nosos, reais ou imaxinarios.</p>	<p>⑩ LCLB4.3.1. Fala na clase dos libros e comparte as súas impresións cos/coas compañeiros/as. G.M.C:100%</p>	<p>⑩ CCL ⑩ CSC</p>
		<p>⑩ LCLB4.3.2. Le en voz alta modulando, adecuando a voz, apoiándose en elementos da comunicación non verbal e potenciando a expresividade verbal. G.M.C:75%</p>	<p>⑩ CCL</p>
	<p>⑩ B4.4. Redactar textos persoais de intención literaria seguindo as convencións do xénero, con intención lúdica e creativa.</p>	<p>⑩ LCLB4.4.1. Redacta textos persoais de intención literaria a partir de modelos dados seguindo as convencións do xénero, con intención lúdica e creativa. G.M.C:75%</p>	<p>⑩ CCL ⑩ CCEC</p>
		<p>⑩ LCLB4.4.2. Desenvolve o gusto pola escritura como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os seus propios sentimentos. G.M.C:100%</p>	<p>⑩ CAA</p>

	<p>⑩ B1.4. Comprender o sentido global de textos orais.</p>	<p>⑩ LCLB1.2.2. Retén información relevante e extrae informacións concretas. G.M.C: 100%</p>	<p>⑩ CCL</p>
		<p>⑩ LCLB1.4.1. Recoñece o proceso de produción de discursos orais valorando a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia do discurso e a cohesión dos contidos. G.M.C:100%</p>	<p>⑩ CSIE</p>
		<p>⑩ LCLB1.4.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos, da linguaxe non verbal e da xestión de tempos, e o emprego de axudas audiovisuais en calquera tipo de discurso. G.M.C:75%</p>	<p>⑩ CD</p>
		<p>⑩ LCLB1.4.3. Recoñece os erros da produción oral propia e allea a partir da práctica habitual da avaliación e autoavaliación, e propón solucións para melloralas. G.M.C:50%</p>	<p>⑩ CAA</p>
	<p>⑩ B2.2. Ler, comprender, interpretar e valorar textos en diferentes formatos e soportes.</p>	<p>⑩ LCLB2.2.1. Localiza, relaciona e secuencia informacións explícitas e implícitas nun texto, e deduce informacións ou valoracións implícitas. G.M.C:100%</p>	<p>⑩ CCL</p>
		<p>⑩ LCLB2.2.2. Interpreta, explica e deduce a información dada en diagramas, gráficas, fotografías, mapas conceptuais, esquemas, etc. G.M.C:50%</p>	<p>⑩ CD</p>
	<p>⑩ B2.4. Aplicar progresivamente as estratexias necesarias para producir textos adecuados, coherentes e cohesionados.</p>	<p>⑩ LCLB2.4.1. Aplica técnicas diversas para planificar os seus escritos (esquemas, árbores, mapas conceptuais, etc) e redacta borradores de escritura. G.M.C:25%</p>	<p>⑩ CSIE</p>
	<p>⑩ B2.5. Escribir textos en diferentes soportes e formatos, en relación co ámbito de uso.</p>	<p>⑩ LCLB2.5.3. Realiza esquemas e mapas, e explica por escrito o significado dos elementos visuais que poden aparecer nos textos. G.M.C:75%</p>	<p>⑩ CMCCT ⑩ CD</p>
	<p>⑩ B3.1. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as súas normas de uso para resolver problemas de comprensión de textos orais e escritos, e para a composición e a revisión progresivamente autónoma dos textos propios e alleos.</p>	<p>⑩ B3.1.1 Recoñece e aplica o uso das categorías gramaticais nos textos e utiliza este coñecemento para corrixir erros de concordancia en textos propios e alleos. G.M.C:50%</p>	<p>⑩ CCL</p>
	<p>⑩ B3.2. Comprender o significado das palabras en toda a súa extensión para recoñecer e diferenciar os usos obxectivos dos subxectivos.</p>	<p>⑩ LCLB3.2.1. Diferencia os compoñentes denotativos e connotativos no significado das palabras dentro dunha frase ou un texto oral ou escrito. G.M.C:25%</p>	<p>⑩ CCL</p>
	<p>⑩ B3.6. Identificar a intención comunicativa da persoa que fala ou escribe.</p>	<p>⑩ LCLB3.6.1. Explica a diferenza significativa que implica o uso dos tempos e modos verbais. G.M.C:50%</p>	<p>⑩ CCL</p>

	<p>⑩ B3.8. Recoñecer e valorar a diversidade lingüística, con especial atención á realidade galega.</p> <p>⑩ B3.9. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e a transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.</p> <p>⑩ B4.1. Ler fragmentos ou obras da literatura española e universal de todos os tempos e da literatura xuvenil, próximas aos propios gustos e ás afeccións, amosando interese pola lectura.</p> <p>⑩ B4.3. Fomentar o gusto e o hábito pola lectura en todas as súas vertentes: como fonte de acceso ao coñecemento e como instrumento de lecer e diversión que permite explorar mundos diferentes aos nosos, reais ou imaxinarios.</p> <p>⑩ B4.4. Redactar textos persoais de intención literaria seguindo as convencións do xénero, con intención lúdica e creativa.</p>	<p>⑩ LCLB3.8.1. Coñece e valora a diversidade lingüística de Galicia. G.M.C:100%</p> <p>⑩ LCLB3.9.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e a produción dos textos traballados en calquera das outras. G.M.C:50%</p> <p>⑩ LCLB4.1.1. Le e comprende cun grao crecente de interese e autonomía obras literarias próximas aos seus gustos, ás súas afeccións e aos seus intereses. G.M.C:100%</p> <p>⑩ LCLB4.3.1. Fala na clase dos libros e comparte as súas impresións cos/coas compañeiros/as. G.M.C:100%</p> <p>⑩ LCLB4.3.2. Le en voz alta modulando, adecuando a voz, apoiándose en elementos da comunicación non verbal e potenciando a expresividade verbal. G.M.C:75%</p> <p>⑩ LCLB4.4.1. Redacta textos persoais de intención literaria a partir de modelos dados seguindo as convencións do xénero, con intención lúdica e creativa. G.M.C:75%</p> <p>⑩ LCLB4.4.2. Desenvolve o gusto pola escritura como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os seus propios sentimentos. G.M.C:100%</p>	<p>⑩ CSC</p> <p>⑩ CAA</p> <p>⑩ CCL</p> <p>⑩ CCL</p> <p>⑩ CSC</p> <p>⑩ CCL</p> <p>⑩ CCL</p> <p>⑩ CCEC</p> <p>⑩ CAA</p>
--	--	--	---

NOTA IMPORTANTE SOBRE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE , CONTIDOS DISTRIBUÍDOS POR TEMAS E TEMPORALIZACIÓN DA MATERIA: Debido á situación de crise ocasionada polo COVID-19, existen aprendizaxes imprescindibles que non se impartiron no curso 2019-2020, e polo tanto incorporaranse na programación das diferentes materias / módulos. O seu desenvolvemento farase con un enfoque competencial, integrándose ao longo da docencia de todo o curso. Os criterios de avaliación asociados a estes estándares de aprendizaxe poderanse consultar na programación didáctica da materia correspondente, do curso anterior, que será publicada na páxina web do centro. Asimesmo, os contidos relacionados cos estándares de aprendizaxe imprescindibles que non foron adquiridos no curso 2019-2020, se impartirán de xeito transversal ao longo de toda a materia, para que non alteren significativamente o desenvolvemento dos demais contidos da mesma. Isto producirá inevitablemente cambios na temporalización, que serán recollidos nas correspondentes actas de departamento. Non é posible sinalar ou concretar ditos cambios agora, dado o carácter transversal dos mencionados contidos, que fará que se traballen ao longo de todo o curso, e a que estamos iniciando o curso polo que aínda descoñecemos o ritmo de aprendizaxe que terá o noso alumnado.

4. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

O ensino desta materia require un tratamento graduado, cíclico, práctico, progresivo e integrado, co obxectivo principal de afianzar a competencia lingüística e comunicativa do alumnado. Deste xeito, poderanse ir construíndo ou modificando os seus esquemas para conseguir unha aprendizaxe significativa. Sen abandonar o método expositivo-instructivo, utilízase frecuentemente o método inductivo para que sexa o propio alumnado quen, logo de observar e practicar, reflexione e saque as súas conclusións.

Partindo da explicación previa dos contidos realizada pola profesora, apoiada en esquemas, resumos, mapas conceptuais, materiais audiovisuais e gráficos, procederase a aplicación destes en actividades prácticas diferentes, a partir de exercicios elaborados dentro e fóra da aula. Empregaranse tarefas que busquen plantexar situacións concretas e prácticas, actividades creativas e que procuren o compoñente máis lúdico da linguaxe co afán de espertar a curiosidade do alumnado.

A realización destas actividades poderá ser tanto individual como en parella ou en grupos e procederase sempre a súa corrección por parte da profesora na aula colectiva ou individualmente.

Prestarase especial atención ao traballo por proxectos nos cursos de 1º e 2º de ESO, cos que se tratará de desenvolver as competencias lingüística, dixital e de aprender a aprender, aproveitando a participación destas aulas no programa Abalar e Libros dixitais.

ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS

- ☒ Lectura e memorización comprensivas.
- ☒ Elaboración de resumos, identificación de ideas principais e secundarias, elaboración de esquemas.
- ☒ Comentario de textos.
- ☒ Elaboración individual e colectiva de traballos de investigación.
- ☒ Posta en común das ideas fundamentais.
- ☒ Recopilación de conceptos.
- ☒ Resolución de dudas e problemas.

Ante a situación de pandemia provocada polo COVID-19, e en previsión dos distintos escenarios que se poidan producir ao longo do curso, alternando a docencia presencial coa non presencial, a maioría das actividades que se levarán a cabo poderanse desenvolver nos distintos escenarios (presencial, semipresencial e/ou non presencial).

En consecuencia, o uso das TIC será o recurso didáctico de referencia, e polo tanto, para a posta en práctica das distintas programacións, utilizarase, no caso de 2º de ESO, a plataforma E-dixgal, que ofrece un amplo abanico de posibilidades, permitindo desde algo básico como un repositorio de recursos para o alumnado, ata un uso máis completo como espazo de aprendizaxe.

5. MATERIAIS CURRICULARES E OUTROS RECURSOS BÁSICOS

A metodoloxía empregada para elaborar os materiais didácticos de Lingua Castelá e Literatura baséase na concepción constructivista da aprendizaxe. Dentro deste enfoque, propóñense métodos, materiais e actividades que permiten atender aos diferentes ritmos individuais de aprendizaxe: pluralidade de técnicas e modalidades de traballo (observación, reflexión, procura...), diversidade de materiais orais e escritos e diferentes tipos de actividades (individuais, colectivas, en grupos reducidos). Os principais materiais cos que traballaremos serán os seguintes:

Libro de texto: *Lengua castellana y Literatura 2º ESO* (Proxecto Libros Dixitais subvencionado pola Xunta de Galicia.) (Netex)

Material fotocopiado elaborado pola profesora.

Así mesmo, en cada trimestre inclúese a lectura dunha obra pertencente á literatura xuvenil. As obras seleccionadas son:

- Susan E. Hinton, *Rebeldes*, Ed. Alfaguara, Col. Serie Roja.
- María Menéndez Ponte, *Nunca seré tu héroe*, Ed. SM.
- César Mallorquí, *Las lágrimas de Shiva*, Ed. Edebé.

OUTROS RECURSOS DIDÁCTICOS

Para a mellora das competencias básicas váise a traballar, ademais de con o libro de texto e as lecturas obrigatorias fixadas, con material que o propio profesor elaborará e entregará aos alumnos mediante fotocopias. Este material centrarase naqueles aspectos nos que os nosos estudantes presenten maiores dificultades, especialmente as destrezas básicas. Reforzarase a ortografía, a caligrafía, a expresión oral e escrita, a ampliación de vocabulario, a lectura comprensiva e expresiva, o coñecemento das estruturas da lingua e trazos das etapas literarias así como cantos aspectos vaian xurdindo.

-Materiais de investigación e consulta.

As lecturas sinaladas anteriormente serán reforzadas pola introdución da prensa no aula -xornais, revistas. Así mesmo, a necesidade de introducir aos alumnos nunha investigación autónoma esixe o emprego doutros materiais de consulta talles como dicionarios ou enciclopedias, xa sexa con fondos do aula como do departamento ou da biblioteca do centro.

-Recursos técnicos.

Soportes CD, DVD ou software diverso.

Ao contar con sala de audiovisuais e aula de computadores, poderase realizar co alumnado actividades de proxección de películas ou documentais pertinentes ou a audición de textos na clase para desenvolver habilidades orais e auditivas.

Merecen unha especial atención as sesións na aula de informática xa que desde ela traballarase a elaboración de traballos así como a webquest de

información para os devanditos documentos. Ata contamos con programas específicos da materia orientados especialmente ao perfeccionamento da ortografía e habilidades lingüísticas ás que se poderá acceder nalgunha sesión.

Dadas as especiais características- debidas á pandemia de Covid-19- do curso que comeza, o emprego dos recursos mencionados queda supeditado ao que a situación sanitaria permita ou non facer en cada momento. **Polo mesmo motivo, existirá material elaborado polo profesorado da materia, xunto con enlaces, presentacións, etc, colgados na aula E-dixgal na que traballará o alumnado.**

6. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Ao inicio do curso levarase a cabo unha **avaliación** inicial que consistirá na observación do alumnado por parte da profesora (por exemplo, mediante preguntas orais) e, se se considerase necesario, na realización dunha proba escrita non avaliabile que permita saber que coñecementos previos teñen adquiridos. Durante o ano se levará a cabo a **avaliación continua** dos alumnos a través da cal comprobarase se estes conseguen, e en que grao, alcanzar os obxectivos propostos; ademais servirá para determinar o proceso seguido por cada alumno desde o punto de partida. Así, poderán confeccionarse con fiabilidade as oportunas actividades específicas xa de recuperación, xa de profundización, e será posible valorar a eficacia dos recursos e da metodoloxía empregada. As conclusións parciais deste proceso evaluativo, que serán coñecidas polos alumnos e comentadas con eles, explicaranse en cada unha das sesións ordinarias de avaliación, indicándose nelas a cualificación da materia que corresponda ao alumno nese momento. Na terceira avaliación, realizarase unha **avaliación sumativa**, que valorará o labor do alumno durante todo o curso académico.

Para levar a cabo este proceso de avaliación o profesorado utilizará diferentes instrumentos rexistrándose os datos achegados no seu caderno.

Probas específicas: realizarase polo menos dúas probas escritas en cada trimestre, que versarán esencialmente sobre os contidos desenvolvidos nese tempo. A partir da segunda avaliación as probas poden incorporar elementos dos trimestres anteriores, co cal operará non só como instrumento de avaliación dese período concreto senón tamén de recuperación de contidos avaliados negativamente con anterioridade. Se algún alumno/a non poidese realizar os exames de xeito presencial, a súa nota de avaliación obterase prorrateando o resto de cualificacións que teña obtidas nesa avaliación.

Así mesmo, durante o curso realizaranse **probas escritas** que terán como obxecto determinar se o alumno **leu** convenientemente os **textos literarios** de carácter obrigatorio que fixa o departamento. Nos dous tipos de exercicios citados ata agora comprobarase tamén o uso correcto da expresión escrita (redacción, exposición, cohesión e coherencia, ortografía, puntuación e presentación).

Doutra banda, o profesor poderá realizar cantos controis e probas, escritos e orais, considere oportunos.

Análise das producións dos alumnos: utilizarase como instrumento de avaliación ao longo do curso o caderno de clase dos alumnos, a elaboración dos exercicios e fichas de traballo, así como a entrega de posibles traballos de maior envergadura.

Observación sistemática dos alumnos. Este tipo de instrumentos de avaliación aplicarase a cuestións de indubidable importancia e non susceptibles de proba de avaliación escrita (participación en clase, actividades orais, respecto ás normas xerais, actitude valorativa e respectuosa cara a compañeiros e profesorado, esforzo e aplicación continuos no estudo e nas tarefas encomendadas, asistencia continuada a clase...) e usarase cotidianamente.

A nota final de cada avaliación obtense dos seguintes factores:

1. Probas escritas teórico-prácticas (parciais e/ou totais). Estas probas (dúas polo menos en cada trimestre) serán cualificadas sobre 10 puntos e achegarán o 70% da nota de cada avaliación.

2. O 30% restante da nota de cada avaliación achégano os factores que se relacionan a continuación:

- A realización correcta e constante das actividades realizadas no centro e fóra deste, o traballo na aula (**ou na casa, no caso de docencia non presencial**), así como a participación activa nas explicacións ou actividades que se desenvolvan e a corrección no emprego da comunicación oral, o comportamento, o respecto ás normas ou actitude en clase e ante a materia ao longo do curso poderán sumar ata un 20% do total da nota de cada avaliación.

Para o seguemento deste cóntase cunha táboa na que se recollerá diariamente a avaliación destes puntos e coa que se obterán as porcentaxes da nota a sumar á cualificación final de cada avaliación. Non se valorará en ningunha avaliación aqueles casos nos que a suma total de cada un destes apartados non alcance polo menos o 80% do total.

- Os proxectos que se realicen en cada avaliación puntuaranse ata un 10%.

Dada a experiencia durante o terceiro trimestre do curso 2019-2020, en canto aos traballos feitos en grupo ou individualmente, ou o traballo na aula (ou na casa), toda produción ou traballo entregado polo alumnado que presente indicios de ser copiado ou de elaboración non propia, levará unha cualificación de cero (0).

3. As probas específicas ou traballos de control de lecturas serán avaliadas como “apto” ou “non apto”. A superación destas probas será requisito indispensable para que o alumno poida optar ao aprobado na materia. Nelas expóranse preguntas sobre a obra lida. **En caso de ter que se presentar á proba extraordinaria de setembro, se este alumnado tivese unha ou varias das lecturas suspensas non terá que realizar ningún exame para recuperalas.**

As avaliacións apróbanse cun 5. Non se fará media entre varios exames parciais cando un deles conte cunha nota inferior a 3. Non se achegará o 30% da nota da avaliación acadado nos apartados sinalados máis arriba naqueles casos nos que a nota media dos exames non sexa 4 ou máis de 4.

A nota final de curso resultará da nota final na terceira avaliación.

En caso de que algún alumno sexa descuberto durante alguna proba copiando anularáselle de inmediato o exame, será cualificado cun 0 e deberá presentarse á recuperación pertinente desa avaliación. En caso de tratarse dun exame de recuperación de xuño anularáselle a proba e deberá presentarse ao exame extraordinario de setembro.

Criterios ortográficos de cualificación de exames, traballos ou exercicios escritos do grupo ordinario

Ademais de cualificar as probas de acordo co contido, valorarase a capacidade de redacción, manifestada mediante a expresión ordenada de ideas, o correcto engarce sintáctico, a riqueza léxica e a matización expresiva. A ortografía será xulgada na súa totalidade -letras, tildes e signos de puntuación- e valorada da seguinte forma no grupo ordinario:

- Cada falta de ortografía será penalizada con 0,25 puntos.
- Cada cinco tildes descontarase 0.25 sobre a nota final.
- O máximo desconto que se poderá aplicar na nota dun exame por mor dos erros ortográficos será de 2 puntos.

MÍNIMOS ESIXIBLES PARA UNHA AVALIACIÓN POSITIVA

1. Comprender e producir textos literarios e non literarios orais e escritos atendendo ás normas ortográficas.
2. Recoñecer distintos tipos de textos, modalidades textuais e os seus compoñentes.
3. Identificar o xénero literario ao que pertence un texto, as súas características específicas e localizar recursos estilísticos.
4. Recoñecer os elementos da comunicación.
5. Comprender e producir esquemas e resumos.
6. Localizar, clasificar e coñecer as particularidades de sustantivos, adxectivos, determinantes, pronomes, verbos, adverbios, preposicións, conxuncións e interxeccións dun texto.
7. Identificar as clases de sintagmas e os compoñentes dos que está formado.
8. Analizar sintácticamente oracións simples identificando as clases de sintagmas, compoñentes destes e funcións sintácticas superiores.
9. Clasificar oracións simples segundo a súa estrutura sintáctica e a actitude do falante.
10. Coñecer e comprender os sistemas de formación de palabras.
11. Coñecer e empregar os distintos tipos de relacións semánticas: sinonimia, antonimia, polisemia, homonimia...

PROGRAMA DE RECUPERACIÓN **RECUPERACIÓN DA MATERIA DURANTE O CURSO**

O alumnado que aprobe a terceira avaliación terá o curso aprobado, polo que non se contempla a elaboración de recuperacións para a primeira ou segunda avaliación. Realizarase unha proba de recuperación para aqueles alumnos que non teñan superado a terceira avaliación, na que se recollerán contidos traballados ao longo do curso. No caso de obter un cinco nesta proba, contará co curso aprobado.

No caso dos exames de lecturas en 2º de ESO, cada unha delas contará cunha única recuperación que se realizará sempre antes de rematar cada avaliación. Non se poderá aprobar a materia en xuño se polo menos non se teñen avaliados como “apto” dúas das tres lecturas. Só no caso de ter o curso aprobado en xuño pero as lecturas suspensas realizarase unha segunda e derradeira recuperación das mesmas.

En caso de non aprobar a materia en xuño non será necesario presentarse a setembro coas lecturas.

PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

Realizarase no mes de setembro unha proba escrita na que entrarán contidos tanto de lingua como de literatura. O alumnado que tivese as probas de lectura non aptas non terá que presentarse en setembro a elas. Para poder superar dito exame será necesario acadar un mínimo de cinco.

PROCEDEMENTO E AVALIACIÓN DE PENDENTES

Para preparar a proba de pendentes que se realizará no mes de maio, entregarase un boletín de exercicios en cada avaliación, que deberán ser devoltos ao profesor para que sexan corregidos.

En maio realizarase unha proba na que se incluírán contidos de lingua e literatura. Para poder superar dito exame será necesario acadar un mínimo de cinco.

En caso de non ter aprobada esta proba extraordinaria de maio, no exame de setembro só poderán realizar o exame de recuperación correspondente ao curso que estivesen realizando e nunca o de cursos anteriores, xa que, aprobado ese exame do curso superior, quedarán automaticamente aprobadas todas as materias pendentes de cursos inferiores.

PROGRAMAS ESPECÍFICOS PARA O ALUMNADO REPETIDOR

Sempre que o alumnado repetidor amose dificultades para superar o curso dunha maneira ordinaria procederemos a aplicarlle diferentes medidas que irán dende aspectos organizativos –materiais diferenciados e adaptados, de menor extensión, tempos diferenciados, no caso dos exames- entre outras.

OUTRAS AVALIACIÓNS

Avaliación do proceso de ensinanza e da programación didáctica

A información que proporciona serve para analizar críticamente a propia intervención educativa y tomar decisións para poder introducir as modificacións oportunas para enriquecer a programación didáctica.

A avaliación do proceso de ensinanza permite detectar as necesidades de recursos materiais e y humáns, de formación e infraestrutura...e racionalizar o emprego dos recursos internos. Debe ser continua, inda que haxa momentos indicados para recoller a información que debe servir de base para a avaliación; por exemplo, a avaliación inicial nos dará datos del punto de partida del grupo- aula, do equipo docente, así como dos recursos materiais e humáns de que dispón o centro .

Durante o curso as reunións de Departamento servirán de marco para intercambiar experiencia y coordinar a labor docente . Nas actas recolleranse os cambios e acordos acadados. Os niveis de cualificación deben ser o máis homoxéneos posible., polo que tras a avaliación o Departamento se reunirá para facer o comentario dos resultados, introducindo cambios si fose necesario nos criterios de cualificación.

Na memoria de fin de curso realizaranse as modificacións pertinentes e unha valoración da propia práctica docente.

Como instrumentos de avaliación indicaremos:

1. Autoevaluación do traballo docente : análise da capacidade para poder preparar reflexivamente o noso traballo, actividades, traballo en equipo con outros profesores, atención ás diversidades do alumnado e preocupación pola función docente.
2. O análise e seguimento da evolución dos alumnos, estando pendentes da súa mellora a través da observación sistemática, a recollida de datos no diario de clase e o análise dos resultados.

Calquera cambio será incluído na memoria final do curso para mellorar a programación do curso seguinte e facela máis realista e actualizada.

Empregarase un rexistro para a autoevaluación da práctica docente como o seguinte no que se incluírán aspectos sobre a planificación, o proceso de ensinanza –aprendizaxe.

Indicadores de logro	ESCALA			
Proceso de ensinanza	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3. Conseguiuse motivar para acadar a súa resposta intelectual ?				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				

5. Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6. Mantivose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7. Tomouse algunha medida curricular para atender ao alumnado con NEAE?				
8. Tomouse algunha medida organizativa para atender ao alumnado con NEAE?				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10. Empregaronse distintos instrumentos de avaliación?				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?				

Indicadores de logro	ESCALA			
Proceso docente	1	2	3	4
1. Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado?				
2. Ofrecense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				
3. Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade?				
4. Elabóranse actividades de distinta dificultade para alumnos con NEAE?				
5. Empréganse distintas estratexias metodolóxicas en función do tema?				
6. Alternanse o traballo individual e en equipo?				
7. Potencianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				

8. Incorporanse as TIC aos procesos de ensinanza - aprendizaxe?				
9. Prestase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?				
10. Ofrecese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas?				
11. Coméntanse co alumnado os fallos máis significativos das probas?				
12. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				
13. Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?				
14. Realízanse as ACIS propostas e aprobadas?				
15. As medidas de apoio, reforzo, etc., se establecen vinculadas aos estándares?				
16. Evalúase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...?				
17. ¿Evalúase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...?				

Avaliación da programación didáctica

Mecanismos de avaliación e modificación da programación didáctica	Escala			
Indicadores de logro	1	2	3	4
1.- Diseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?				
2 – Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas / temas/ proxectos?				
3- O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización?				
4.- Engadiuse á programación algún contido non previsto?				
5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?				
6- Seguíronse os estándares para cada unha das unidades / temas?				
7.- Estableceuse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?				

8- Asígnouse a cada estándar o peso correspondente á cualificación?				
9.- Vincúlouse cada estándar a un/ varios instrumentos de avaliación?				
10.- Asíciouse con cada estándar os temas transversais a desenrolar?				
11.- Fíxose a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?				
12.- Estableceuse a secuencia de traballo habitual na aula?				
13.- Son adecuados os materiais didácticos empregados?				
14- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?				
15- Diseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?				
16.-Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partires dos estándares?				
17.- Estableceronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames etc.?				
18 –Estableceronse criterios para a recuperación dun examen e unha avaliación?				
19- Fixáronse criterios para a avaliación final?				
20- Estableceronse criterios para a avaliación extraordinaria?				
21.-Estableceronse criterios para o seguimento de materias pendentes?				
22 – Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?				
23.-Elaboráronse os exámenes tendo en conta o valor de cada estándar?				
24- Definíronse programas de apoio, recuperación ,etc. vinculados aos estándares?				
25.-Leváronse a cabo las medida s específicas de atención al alumnado con NEE?				
26.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?				
27- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?				
28.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción?(Artº 21º. 5 do D.86/15)				
29.- Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso?				
30- Contribuíuse dende a materia ao plan de lectura do centro?				
31- Empregáronse as TIC?				

7. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Medidas de atención á diversidade no presente curso:

MEDIDAS ORDINARIAS

Organizativas	Curriculares
<p>1. Adecúase a estrutura organizativa do centro e/ou da aula para algún alumno/a ou grupo?</p> <p>a) Tempos diferenciado, horarios específicos, etc. Si.</p> <p>b) Espazos diferenciados? Si.</p> <p>c) Materiais e recursos didácticos diferenciados? Si.</p> <p>d) Realizaranse probas adaptadas para o alumnado con TDAH, TEA, alumnado con Síndrome de Down e discapacidade intelectual ou con dificultades específicas como dislexia.</p> <p>e) Aplicaremos un programa de recuperación personalizado para o alumnado repetidor –entregarase material adaptado ao igual que os exames.</p> <p>2. Faise algún desdoblamento de grupos? Non.</p> <p>3. Faise algún reforzo educativo e/ou apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria? Si.</p> <p>4 Que medidas se propoñen para o alumno enviado á aula de convivencia? Elaboración de actividades.</p> <p>5. Desenvólvese algún programa de habilidades sociais? Si.</p>	<p>1. Faise algunha adaptación metodolóxica para algún alumno/grupo como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.? Si.</p> <p>2. Adáptanse os tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a? Si.</p> <p>3. Existe algún programa de reforzo en áreas instrumentais (LC/LG/MT) para alumnado de 1º e 2º da ESO? Si.</p> <p>4. Existe algún programa de recuperación de materias non instrumentais? Si.</p> <p>5. Existe algún programa específico para alumnado repetidor da materia? Si.</p> <p>6. Aplicase ese programa específico personalizado para repetidores da materia? Non</p>

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Organizativas	Curriculares
<p>1. Canto alumnado recibe apoio por profesorado especialista en PT/AL?</p> <p>2. Existe algún grupo de adquisición das linguas (para alumnado estranxeiro)? Non.</p> <p>3. Existe algún grupo de adaptación da competencia curricular(Al. estranxeiro)? Non.</p> <p>4. Existe algunha outra medida organizativa: escolarización domiciliaria, escolarización combinada, etc.? Non.</p>	<p>1. Existe algunha Adaptación Curricular na materia? Cantas? Si. Dúas.</p> <p>2. Foi autorizado para a materia algún agrupamento flexible/específico? Non.</p> <p>3. Existe algún Programa de Mellora do Aprendizaxe e Rendemento (PMAR)? Non.</p> <p>4. Flexibilizouse para algún alumno/a o período de escolarización? Non.</p> <p>5. Describir o protocolo de coordinación co profesorado que comparte co titular da materia, os reforzos, apoios, adaptación, etc. (Coordinación cos PT/AL/Outro profesorado de apoio/profesorado agrupamento/ etc). Entrevistas recurrentes co profesorado de apoio para comentar os contidos que se están a traballar así como as dificultades que xorden e os resultados adquiridos.</p>

8. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES : dadas as circunstancias excepcionais nas que imos iniciar o presente curso, debido á pandemia de Covid-19, non se contemplan polo de agora actividades deste tipo para o ano académico 2020-2021. No caso de que a situación mellorase, se proporían ditas actividades no momento oportuno e se realizarían de contar co beneplácito das autoridades e organismos competentes, recollendo esta modificación nos documentos adecuados.

9. POSIBLES ADAPTACIÓNS DA PROGRAMACIÓN Á SITUACIÓN XERADA POLA PANDEMIA DE COVID-19: No intre da redacción da presente programación as indicacións da Consellería de Educación son que se impartan as clases de xeito presencial, se ben seguindo os protocolos sanitarios necesarios pola pandemia de Covid-19. Agora ben, cabe a posibilidade de que algún alumno/a ou a propia profesora do grupo teña, nalgún momento, que ser confinado no seu domicilio, ou incluso que esta medida se extenda a un grupo completo ou a todo o centro escolar. Como non é posible coñecer o futuro nin saber por canto tempo ou en que condicións se levaría a cabo dito confinamento, no caso de producirse este se farían as adaptacións que esta programación requirise ante a situación descrita. Ditas adaptacións atinguirían principalmente á metodoloxía e aos criterios de avaliación, pero poderían tamén referirse a outros elementos, como os contidos e a súa secuenciación, se, por exemplo, o confinamento se extendese no tempo e o desenrolo das clases telemáticas así o requirise. No caso do noso alumnado de 2º de ESO, o feito de traballar coa plataforma E-dixgal é unha vantaxe porque xa estarían afeitos a empregar as TIC como ferramenta habitual de aprendizaxe. Dita plataforma (xunto co correo electrónico institucional) sería a canle principal de comunicación entre o alumnado e a profesora no proceso de ensinanza- aprendizaxe: nela figuran contidos teóricos e exercicios prácticos que traballar co alumnado. Ademais, a profesora facilitaría aos seus alumnos/as diferentes enderezos de páxinas web onde completar a información relativa a cada tema ou atopar actividades complementarias (de reforzo, ampliación, etc), así como onde consultar información para documentarse con vistas á realización de posibles traballos.

A xefa do departamento



Asdo.: Concepción Sanfiz Fernández
En Guntín, a 11 de outubro de 2020

Lingua Castelá e Literatura
Programación didáctica
3º de ESO
Curso 2020-2021

Departamento de Lingua Castelá
CPI Tino Grandío
Guntín

ÍNDICE

Introdución	3
1. Contextualización	3
2. Contribución da materia de Lingua Castelá e Literatura no logro das competencias básicas	3
3. Secuenciación e temporalización dos contidos	5
4. Relación dos aspectos curriculares con cada unidade	7
5. Metodoloxía didáctica	14
6. Materiais curriculares e outros recursos básicos	16
7. Procedementos e instrumentos de avaliación	17
8. Atención á diversidade	22
9. Actividades complementarias e extraescolares	25
10. Posibles adaptacións da programación á situación xerada pola pandemia de covid-19	25

INTRODUCCIÓN

Preséntase neste documento a programación didáctica aplicada á materia de Lingua Castelá e Literatura para o curso 2020-2021, na que se seguirá o establecido no Real Decreto 1631/2006 do Ministerio de Educación e Ciencia, do 29 de decembro en convivencia coas pautas recollidas na Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro para a mellora da calidade educativa e o posterior Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

1. CONTEXTUALIZACIÓN

A comunidade educativa que constitúe o CPI Tino Grandío aséntase nun núcleo de poboación basicamente rural, cun nivel económico-cultural que pertence a un estrato medio-baixo e vehiculado case exclusivamente en lingua galega. Por todo isto, é recorrente que o noso alumnado presente unhas habilidades lectoescritoras en lingua castelá bastante correctas fronte ás relacionadas coa comunicación oral, nas que se producen maior número de dificultades e sobre as que se intentará traballar ao longo da etapa.

No curso 2020-2021, os grupos aos que impartirá docencia o departamento de Lingua Castelá e Literatura do CPI Tino Grandío son:

- Un grupo de 1º de ESO.
- Un grupo de 2º de ESO.
- Dous grupos de 3º de ESO.
- Dous grupos de 4º de ESO.

O Departamento está constituído polo seguinte profesorado:

1. Concepción Sanfiz Fernández, xefa de departamento, impartirá as clases de Lingua Castelá e Literatura de 2º, 3º e 4º.

A hora de xefatura de departamento terá lugar os martes ás 13:20.

2. Pilar Quiroga.Fernández, profesora do Departamento de Lingua Inglesa, que impartirá as clases de lingua castelá de 1º de ESO.

2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA NO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

1. COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

Esta competencia é a de maior relevancia que pode adquirirse nesta materia, xa que todos os seus contidos están orientados á adquisición dos coñecementos, habilidades e actitudes propios das destrezas comunicativas (procedementos de uso e

reflexión sobre o seu funcionamento), aspectos todos eles que se aplicarán para adquirir coñecementos noutras áreas. Ademais, as habilidades e estratexias para o uso dunha lingua determinada e a capacidade para tomar a lingua como obxecto de observación, son capacidades que se transfíren e aplican á aprendizaxe doutras linguas, o cal contribúe á súa vez a acrecentar a competencia sobre o uso da linguaxe en xeral.

2. COMPETENCIA DIXITAL

